

IES PORTA DA AUGA – RIBADEO

Curso 2006-07

DEPARTAMENTO: HISTORIA

PROGRAMACIÓN DA ÁREA/MATERIA: XEOGRAFÍA- Ciencias Sociais

ENSINANZAS:
2º ciclo SECUNDARIA

CURSO:
3º A.E

Obxectivos xerais:

Obxectivos xerais:

- Analizar a diferentes escalas as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e medioambiental das mesmas.
- Explicar procesos xeográficos como a degradación do medio ou a configuración dunha paisaxe determinada, tomando conciencia dos graves problemas ós que se enfronta a vida humana sobre a terra
- Tomar conciencia da responsabilidade colectiva ante o desigual reparto dos recursos
- Resolver problemas e pequenas investigacións aplicando os instrumentos e procedementos propios da ciencia xeográfica
- Fomentar a capacidade de análise e de comprensión de fontes gráficas e documentos de variada índole

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Contidos: AS PERSOAS E O MEDIO: - O medio natural;: Relevo, climas e vexetación - As persoas transforman o medio: recursos, intervención do ser human, a conciencia verde - Problemas ambientais actuais: con taminación, deforestación, desertización etc. A POBOACIÓN MUNDIAL: - A poboación do mundo: conceptos básicos, distribución - A poboación cambia: historia e distribución da poboación - Problemas demográficos actuais: avellentamento, migracións O MUNDO, UN MOSAICO DE CULTURAS: - Culturas e civilizacións no mundo: cultura, lingua, relixión - O cambio cultural: a difusión cultural, focos de difusión - Retos culturais do mundo actual: globalización, fundamentalismos.	Procedementos: Manexo de Atlas, anuarios etc. - Lectura e interpretación dos distintos tipos de representación cartográfica - Resolución de sinxelos problemas sobre fusos horarios, latitude e lonxitude - Obtención de información xeográfica a partir de distintos documentos visuais ou escritos - Lectura e interpretación de climogramas, piramides poboacionais etc - Repaso dos mapa físico de España , Europa, América e Oceanía - Estudio da Antartida . - Recollida de noticias actuais sobre o cambio climático.. - Busca de información en fontes diversas	Actitudes: - Actitude favorable á obtención de datos con rigor crítico - Actitude positiva cara as proxeccións cartográficas - Valoración positiva cara o caderno de aula e a presentación das actividades - Toma de conciencia dos grandes problemas ós que se enfronte a vida humana sobre a terra, e concretamente sobre a degradación do medio - Toma de conciencia dos problemas derivados dos desequilibrios demográficos e das grandes desigualdades económicas - Solidaridade e comprensión cara os emigrantes e inmigrantes - Respecto e valoración das diversas culturas que existen no mundo, en especial as que conviven aquí
---	--	--

SEGUNDA AVALAICIÓN

Contidos: OS ESTADOS DO MUNDO: - A organización política: O Estado e as súas funcións; Nación, ONG, os sistemas políticos - Os cambios políticos: relacións internacionais, organismos supranacionais - A orde internacional actual; reparto de poder, conflitos. O MUNDO RURAL: - A paisaxe agraria: paisaxe e habitat rural - O cambio do mundo rural: evolución da agricultura; agricultura actual - Distintos sistemas agrarios UN MUNDO DE CIDADES: - A cidade: estrutura e funcións - A cidade cambia: evolución histórica da cidade - Diversidade das cidades actuais NOTA: No estudio destes dous últimos contidos (MUNDO RURAL E MUNDO DE CIDADES) podemos substituír o libro de texto pola aplicación das unidades didácticas elaboradas polo “ Proxecto terra”, trátase dos mesmos contidos aplicados a Galicia e cunha visión da arquitectura e do medio galego, moito máis achegada ós nosos alumnos, e tamén máis concienciadora sobre a necesidade de ordenación do noso territorio.	Procedementos: - Obtención e rexistro de datos a partir da observación directa e da información escrita. - Estudo xeográfico de Asia, África (xeografía física). - - Estudo xeográfico completo de Galicia, o tema 3 da última unidade explicárase aquí dada a aplicación do proxecto Terra - Interpretación de planos de cidades - Aplicación das unidades citadas do Proxecto terra, onde os alumnos deben observar e comparar fotografías, interpretar planos, definir conceptos arquitectónicos e constructivos, coñecer estilos artísticos e nomes de arquitectos de interese, analizar a interrelación construcións populares- actividade económica etc etc.	Actitudes: - Valoración das iniciativas e organismos que fomentan o diálogo como mecanismo para solucionar problemas - Toma de conciencia da importancia de organismos comprometidos coa paz e a acción solidaria - Rexistamento da explotación abusiva dos espazos de maior beleza natural - Toma de conciencia dos graves problemas relacionados coa eclosión urbanística - Valoración da diversidade de paisaxes naturais en Galicia coma unha riqueza, ó mesmo tempo natural e cultural. - Actitude crítica cara un desenvolvemento meramente especulativo. - Valoración dos elementos estéticos da nova arquitectura - Valoración do patrimonio histórico-cultural - Fomento da conciencia de “ciudadanía”
--	--	--

TERCEIRA AVALIACIÓN

Contidos: DA INDUSTRIALIZACIÓN Á GLOBALIZACIÓN - Sectores secundario e terciario: materias primas, fontes de enerxía, os servizos - Da industrialización á globalización. Preindustrialización, rev. Industrial. - O noso sistema mundo: rexións centrais e periféricas, as multinacionais DESENVOLVEMENTO E SUDESENVOLVEMENTO - Desenvolvemento: contrastes económicos e sociais - Subdesenvolvemento: Causas e características - O reto do benestar da humanidade ESTUDO REXIONAL DO MUNDO - As rexións do mundo - As rexións españolas NOTA: O estudo rexional do mundo tentarase ir facendo ó longo de todo o curso	Procedementos: - Lectura e interpretación de mapas, gráficos e diagramas e elaboración destes a partir de datos estatísticos - Comentario de vídeos - Realización de traballos sobre distintas áreas xeoeconómicas do mundo - Busca, selección e rexistro de informacións relativas a cuestións de actualidade, servíndose dos medios de comunicación habituais. - Estudio mapas políticos de Europa e España. Africa, Asia , América e Oceanía por rexións	Actitudes: - Interese por estar bien informado e actitude crítica ante a información. - Curiosidade por coñecer como funciona a economía do mundo - Rexeitamento ante o reparto desigual dos recursos e solidariedade cos que sofren a súa escasez - Toma de conciencia da responsabilidade colectiva na consecución da paz - Tolerancia e valoración positiva da diversidade de opinións políticas, ideolóxicas, relixiosas etc. - Valoración das iniciativas individuais ou colectivas que mostran esforzos para paliar o problema do subdesenvolvemento - Respecto polos dereitos humanos
--	--	---

AVALIACIÓN (CRITERIOS, PROCEDIMENTOS, SISTEMA DE CALIFICACIÓN)

- TRABAJO NA CLASE: asistencia, atención, intervencións coherentes, interese
- TRABAJO NA CASA: Realización dos deberes diarios
- EXAME: a determinar ó longo do curso, dependendo da duración das unidades didácticas. Nos exames , o mesmo que nos traballos escritos, sempre se terá en conta a ortografía e expresión. Procurarase facer dous exames escritos por avaliación sempre que se poida. Os mapas físicos e políticos formarán parte do exame segundo vai na programación, ou ben farase un exame específico de mapas (un en cada avaliación) dependendo da marcha da clase

HOMOXENEIZACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer os contidos propios da materia
- Exposición clara e coherente tanto oral como escrita
- Corrección ortográfica e uso dos signos de puntuación
- Na elaboración de traballos, valórase: a capacidade de síntese e as aportacións personais
- Na exposición oral de traballos, valórase: o vocabulario propio e a claridade expositiva; a comprensión do contido
- No que respecta á libreta de clase, exames escritos e traballos en xeral, terase en conta a limpeza e a presentación
- A presentación de traballos dentro das datas prestablecidas cumprirase rigurosamente: No caso de demora será necesaria unha xustificación, dándose o prazo dun día máis. En caso de que o retraso persista non se admitirá o traballo dese alumno
- A avaliación será continua, non haberá recuperacións, e terase en conta a progresión e a actitude do alumno ó longo do curso. Poderase contemplar algún tipo de recuperación (ocasionalmente) nalgún aspecto que se considere básico para a formación dun alumno, por exemplo a ubicación en mapas tanto físicos como políticos.

OBJECTIVOS MÍNIMOS PARA ACADAR AVALIACIÓN POSITIVA

- Identificar e localizar os rasgos físicos máis destacados (clima, relevo etc)
- Descibir as principais características do relevo, augas e clima de Galicia
- Coñecer os riscos e problemas medioambientais máis graves debidos á acción humana sobor do planeta
- Utilizar os modelos demográficos, analizando exemplos representativos e discernindo causas e consecuencias
- Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria
- Localizar os principais espazos industriais e centros de produción de materias primas e fontes de enerxía, analizando as relacións de intercambio que se establecen entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos no comercio destes produtos
- Identificar os diferentes usos do solo nunha cidade
- Identificar as principais actividades económicas de España e de Galicia
- Localizar os grandes eixes de comunicación en España e en Galicia
- Identificar e localizar as comunidades autónomas españolas, os estados europeos, así como os principais países e áreas xeoeconómicas
- Coñecer as organizacións políticas internacionais e supranacionais: ONU, OTAN etc
- Corrección na expresión escrita e ortográfica.

Objetivos mínimos para o grupo específico:

Este grupo ten a mesma programación que o grupo normal. O seu ritmo soe ser máis lento, dependendo das circunstancias, polo que é posible que non abarquen todo o programa.

Os obxectivos mínimos e prioritarios para este tipo de grupos serán os que faciliten a aprendizaxe, a comprensión e a boa sintaxe. Quedan concretados nos seguintes aspectos:

- Subrayado, resume e síntese dun texto
- Lectura comprensiva
- Redacción das ideas principais
- Exposición tanto oral como escrita cunha boa sintaxe e coherencia nas ideas.
- Aprendizaxe dos conceptos elementais da asignatura.: Relevo terrestre, demografía, problemas ambientais, sectores económicos, diferenzas desenvolvemento-subdesenvolvemento
- Dominio dos mapas de Galiza, España e Europa e coñecemento elemental dos outros continentes.
- Progreso evolutivo dende principio ó final de curso
- Interese por superar o curso e incluso por reintegrarse no curso normal se ten capacidade para elo

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

O alumno ten dúas convocatorias para superar a pendente, unha en Febreiro, día 16 e outra en Maio (día 11) para quen non supere a anterior. O exame versará sobre conceptos básicos da asignatura recollidos nunha guía –resume que previamente lle dará o profesor. Se aínda así o alumno non supera a materia terá que volver a presentarse en Setembro

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE
--

Cando un alumno falte reiterativamente a clase dun xeito non xustificando, terá que presentarse a unha única proba a final de curso. A proba poderá ser oral ou escrita, a determinar polo Seminario. A materia de exame será toda a dada polo curso ó cal pertenza o citado alumno. O alumno debe ser avisado como mínimo 15 días antes da celebración da proba, especificándolle día e hora. Así mesmo o alumno debe presentar ese mesmo día tódolos traballos feitos polos demais alumnos da clase ó longo do curso.

Se as faltas se deben a algo xustificando : accidente, enfermidade etc, o profesor decidirá o xeito de recuperar según o caso concreto

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Seguirá o mesmo modelo que a de Xuño